

Acta n.º 1

En Ourense a 7 de setembro, ás 10.00 h nos reunimos Iván Feliz, Carlos Vila e Lidia Rodríguez González e María José Álvarez para iniciar o curso 2022-23.

Os temas a tratar:

- 1- Normas xerais no Departamento de Tecnoloxía.
- 2- Programacións das materias do Departamento Tecnoloxía e Tics.

Plantexamento do curso.

Dispoñemos da plataforma Edixgal nos cursos dende 1º ata 3º.

Traballaremos coas plataformas que dispoñemos da Xunta e ante calquer dúbida mellor comunicalo en papel.

Os alumnos traerán os apuntes en papel, libreta e xa vamos vendo como plantexar o curso, lembramos que non podemos mandarlles mercar libros.

As programacións, unha vez que se marquen a temporalización e contidos, peso dos estándares ...mellor e non modificar nada.

Os contidos marcados na programación hai que desenvolverlos e para eso marcamos unha temporalización clara para cumprir.

Traballaremos varios profesores no mesmo nivel, o que fará que deberemos cooperar no que se poda, para eso se queredes faremos un grupo de whats up que fará máis doada e rápida a comunicación.

O resultado dos horarios do profesorado desta ano foi difícil xa que as materias son todas de 3 e 4 horas e moitas son optativas.

Ritmos

En 1º ESO na programación que teremos que resolver un dos tres e logo a compartiremos logo. Polos temas o ordenador deberá ser o primeiro dos temas para que se familiaricen coas posibilidades, cómo debe tratarse, cómo organizar a información, os perigos, as posibilidades de todo o menú de programas que ten o dispositivo, e entraremos en materia.

En 2º ESO, Lidia G. comenta que seguirá a programación que estaba trazada, xa que nunca tiveron esa materia.

3º ESO: materia nova, que Carlos V. dará tres horas semanais e desenvolverá a programación dese nivel na plataforma de Proens.

O traballo que fagamos sobre todo terá que ser o máis exacto posible, sabendo os tempos de calendario e as porcentaxes que lle imos outorgar a cada un dos Bloques da materia.

4º eso : repetidos en Tic e Tecnoloxía, as programacións.

1º BACH_ ten nome novo, Tecnoloxía e Enxeñería I , Iván terá que desenvolver a programación na plataforma de Proens, baseándose no que se tiña dos cursos pasados, para que resulte doado.

1º BACH_ Tic , correspoderalle aos tres profes empezar a desenvolver a programación en Proens, e que este ano suma unha hora máis semanalmente.

As compras para o Taller, os alumnos deberán traer algo de material funxible, se por exemplo consideramos que é doado conseguilo, nos cursos de 1º ESO debemos coordinarnos.

O Taller está dividido en dúas partes o da dereita para cursos inferiores e o de enfrente no descansillo para cursos superiores.

As actividades extraescolares como viaxes, exposicións, como por exemplos visita a empresas, etc podemos planeala e hai que aprobala algunhas veces, así que hai que prever os tempos.

As notas é aconsellable poñelas na AV ou en Edixgal xa que facilitan moito o traballo cos alumnos.

As notas saen por cada avaliación segundo o peso dos estándares de cada un dos contidos e na avaliación final calculamos a media aritmética das tres avaliacións.

Quedamos que se enviarán as programacións das materias que non son lom-loe para que se revisen os contidos e porcentaxes, o n.º de sesións é outro dos asuntos a ter en conta e o grao mínimo dun estándar.

As programacións das materias non lom- loe hai que entregalas sobre o 20 de setembro.

Asuntos interesantes para o día a día:

- Teremos un **xogo de chaves** dos locais que habitualmente traballamos: Talleres, aulas de Informática, etc ,se temos calquer problema en Conserxería nos poden axudar con este tema.

- Moi importante os **entornos de traballo**. Manexar os medios oficiais de traballo cos alumnos: Aula virtual, Edixgal, Espazo abalar(abalar móbil), correo da xunta. Non empregar outras contas de Google, Servizos de nube etc que non sexan os de servizos corporativos. O alumnado de 1º ata 3º ESO ten Edixgal, facilitando moito as clases. Non temos libros de texto ,temos os libros de Edixgal, os apuntes propios que podemos subirle á plataforma e facilitámoslle moito o estudo e o día a día, cada un ten o seu estilo e eu dígolles que ten que fotocopialos e traelos á clase.

- Se tedes problemas ou dúbidas, solucionarémolo podedes preguntarme a mín ou a calquer do Departamento, e ante calquer dúbida mellor rexistrar as entregas de traballos,exames mediante Papel.

- O **libro de cualificacións que hai na AV ou en Edixgal**, é un método eficaz de cómo van os alumnos , eles comprobán a súa evolución. É importante darlle forma dende o principio,

lembra que as notas son por avaliacións independentes e ante calquer dificultade temos que actuar do xeito máis eficiente para que o alumno poda solventar os atrancos.

Os alumnos deben ver os exames, probas e resolver posibles conflitos de notas antes das avaliacións. Estade atentos os calendarios das avaliacións e a temporalización de cada un dos trimestres.

- Unha vez rematada a avaliación teremos unha caixa no Departamento para cada profe onde depositar os exames escritos e que queden para que non haxa problemas.

- Cando teñamos que facer **fotocopias** mellor facelas con tempo , e teremos un código , darávolos Luis, o secretario, e poderedes enviar á Conserxería dende Sala de Profes e a ver como está dende o Departamento.

- O **material do Taller 1**, vale para alumnos de 1º a 3º ESO, temos un almacén onde entraremos nós, están acumuladas algunhas ferramentas, tubos de silicona, pistolas de silicona novas, etc. Hai varios armarios onde se poden gardar os proxectos por cursos, logo non poden ocupar moito e outros armarios cerca da mesa do profe onde hai materiais motores, bombillas, que lle podemos facilitar os alumnos.

Os proxectos pode que decidamos que os leven para casa, logo o material depende do custe pode que os traigan eles, e se precisasn motores etc, se desfarían a final de curso e quedan de novo para empregar o seguinte ano.

O material do Taller 2, corresponde para os cursos de 4º ESO, 1º e 2º Bach, porque o material é máis delicado e non se traballa con material como madeira etc. Alí teremos algunha zona onde non pasan os alumnos senón que lle facilitamos nós o material a través de caixas . Está o compresor, armario cos robots, e tamén nunha sala contigua a impresora 3D, e outro material máis.

En calquer dos dous Talleres teremos que atender a ter orde e limpeza xa que somos moitos a empregar estas estancias.

- Normalmente as **reunións de Departamento** se fan no Taller 2, que dependendo das necesidades se fan entre dúas e tres por avaliacións.

Este ano é importante xa que temos asignaturas novas, e damos varios profes nos mesmos niveis co cal ten que haber coordinación , tendo en conta que a Programación é única para todos os profesores.

- Entre os membros do Departamento poderemos ter un grupo de Whats up para poder facilitar calquer dúbida, xa me diredes se o facemos ou non.

- **Os que sexan titores**, teredes algo máis de burocracia en momentos puntuais e máis relación cos pais e todos os profes da vosa tutoría.

Aconsello que fagades un plan de actuación para que moitas das horas de tutoría pode que teñades que traballar e moitas outras poderedes estar con servizos do Concello ou da Cruz Vermella etc. A videdirectora envía moitas veces interesantes propostas que poden ser interesantes.

Con todos estes asuntos, se levantou a sesión ás 12.30 h.

Asinado Xefa de Departamento
María José Álvarez